

Editorial

Socio, amigo, amiga ou simpatizante, tes nas mans o número 25 de CROA, número que nunha publicación deste tipo denota madurez contrastada, presente fértil e futuro esperanzador. E todo iso, grazas a un incontable número de persoas implicadas dun ou doutro xeito desde os seus inicios: escritores, lectores e todos cantos fan posible que se estableza relación entre uns e os outros. Moitas grazas a todos.

E sincera gratitude tamén a aquelas persoas ou entidades que nos teñen manifestado o seu apoio, boa acollida e parabéns. Non temos contestado a todos como deberamos. Pedimos desculpas polo noso desleixo que pode deberse máis á falta da debida cortesía, ca á falta do debido agradecemento. Ata hai publicacións do ramo que reproducen con moita fidelidade a maqueta de CROA. Gústanos compartir, pero non vaia ser que cando se perda a memoria tipográfica, un fillo acuse de plaxio a seu pai por atopar trazos comúns.

Como non debía nin podía ser doutro xeito, vai especialmente dedicado este número tan simbólico a Felipe Arias con motivo da súa xubilación e á súa muller, Mariché, xubilada tamén nas mesmas datas. Sen menosprezo dela, é lóxico que nos centremos máis nel; porque, se non fose pola entrega en corpo e alma de Felipe a un soño, non lles chegaría a Mariché nin a ninguén a data de xubilación no Museo do Castro de Viladonga.

Algunhas colaboracións desta CROA tratan con mestría a personalidade e a ampla actividade de Felipe ao longo dos anos anteriores á súa xubilación. Que desculpen os meritorios autores, xa que non se pretende emendarlles a plana, senón constatar con sinxeleza e humildade que, a pesar da súa mestría e profundidade, só conseguen unha notable aproximación á riqueza dunha personalidade que requiriría outros 25 números de CROA, e aínda se quedarían curtos, para abarcala na súa totalidade.

Felipe xubilase, pero non se retira. Así se lle pediu insistentemente na homenaxe que lles rendemos a el e a Mariché o 27 de xuño do 2014. E así o está facendo, deixándose ver por Viladonga con suficiente tacto para non interferir, e ao mesmo tempo con suficiente boa acollida por parte da actual directora, Elena, e demais persoal, para que cando ven se sinta na súa casa de sempre e non en fogar alleo. Perder a súa experiencia e iniciativas sería un empobrecemento imperdoable e para el perder a relación co Castro e o seu Museo sería semellante a perder dous fillos nun accidente fatídico

aínda que o incidente leve no nome un compoñente de xúbilo.

A pegada de Felipe está presente en cada recuncho do Castro e do seu Museo. Non podía ser doutro xeito, pero ademais estao nesta revista, tamén filla súa, e para un pai disque as fillas tiran moito, aínda que teña suficiente agarimo para compartir con cada descendente.

Non o fixo todo el. Por suposto que non. Tivo bos colaboradores e boas colaboradoras; pero tampouco se limitou a ser o capataz que, fusta en man, espía con cara de ferreiro amargado como traballan os peóns. Non. Demostrado ten que a súa vocación non é a de capataz, senón a de mestre. Por iso creou escola e por iso se puido e se pode pedir a súa maxistral colaboración para calquera iniciativa nobre, na confianza de que, por máis traballo que teña, sempre dirá que si. É lei que non falla, cando necesitamos axuda debemos pedirlla a quen estea moi ocupado, porque quen habitualmente está desocupado, non se quere comprometer para seguir permanentemente dispoñible por se lle piden algo no que poida lucirse ou que sexa remunerado conforme á súa categoría.

Aló dentro de moitos anos, cando deixe de escoitarse en directo a voz de Felipe, permanecerá a súa palabra e seguirá falando ás xeracións vindeiras desde posibles gravacións que se conservan e desde os seus certos e meticulosos escritos, como por exemplo desde a última Guía do Museo de Viladonga que, baixo aparencia de guía particular é todo un tratado de ciencia museística universal.

Pero ademais, Felipe que de seu natural é parco en palabras, porque para ter que dicir é necesario antes saber escoitar e reflexionar, cando se pon, tamén é elocuente como conferenciante, como bo conversador e como escritor –aí están os máis de 350 escritos que figuran na súa bibliografía, sen contar correos oficiais- Pero tamén é un erudito e elocuente tradutor, faceta pouco valorada nel, quizabes por levala aínda máis acubillada ca outras moitas detrás dos seus defensivos anteollos.

Si. El, ensumido no espeso silencio do Castro, foi quen de vixiar con máxima meticulosidade a exhumación das raíces alí soterradas, extremando as atencións coas máis febles, con esas que poden confundirse cun escualido fíño dun felgo, e a todas e cada unha, que nas súas orixes falaban indoeuropeo, ou castrexo, ou fenicio, ou latín... púxoas a falar desde o seu sitio no

Museo en orde e concerto, cada unha ao seu debido tempo, nunha linguaxe universal, igualmente intelixible para eruditos pescudadores do pasado máis afastado e soterrado, coma para lerdos aínda non iniciados en pretéritos imperfectos ou en pasados simples.

E máis, ben pensado, puidera ser que non traducise Felipe, senón que incorporase unha especie de perenne e cabalística tradución simultánea a cazolas, olas e "tábulas latrunculatas", a arracadas, freos de cabalo e moedas, a fibelas, fíbulas e fusaiolas, a puñais de antenas, coitelas e bastréns, etc. etc. etc.

Pero non acapara Felipe todos o contidos destas CROA de 25 anos preñada de sabenzas. Del fálannos as voces solemnes de Acuña, Sierra, Calo e Reboredo, Pero ademais dáse razón de coñecementos variados e todos eles interesantes, como son os de milenarios camiños medievais e reais. Entre moitos outros cometidos o Profesor Ricardo Polín vén exercendo, sen o debido recoñecemento, de celoso Gardián sen trégola de vellos camiños que corren o risco de seren atoados ou comenenciudamente desviados –sacados de vía- e de Espertador de rexedores aletargados aos que tanto lles ten por onde vaian os camiños que

vinculan o presente co pasado e que por onde pasan sempre son regueiros de vida futura. Blanco Prado, Etnógrafo Maior do Reino, segue sacando das súas inesgotables arcas "Nova et vétera". Celia tráenos á memoria aqueles mecenas que lonxe da súa terra descubriron que a cultura tamén é camiño, o máis dereito, por retorto que sexa, para achegarse ás casas dos veciños. Isolina transplanta una palloza do Piornedo á CROA da Chaira. Encarna lévanos de excursión ao mar para contemplar o Museo de San Cibrao, obra doutro mestre soñador. Ana Rubiero invítanos a que os libros que van chegando á biblioteca do museo non sexan tratados como fósiles, senón coma seres vivos que agardan mans agarimosas que os aloumiñen. Finalmente infórmase das múltiples e variadas actividades levadas a cabo polo Museo e a Asociación de Amigos ao longo dun ano, que proxectan o Museo a fóra do recinto no que está encadrado.

Longa vida, pois, a Mariché e Felipe, e a este, no que toca ao Museo e á Asociación de Amigos, xubilado si. Retirado nunca! E que CROA cando cumpra os 50 siga tan vizosa e garrida.

